

Unhas notas.

Grazas, a vos.

Por tanto traballo e esforzo.

Polo tempo voso entregado, aínda que non conte e que non sexa recompensado.

Estas dúas horas que imos pasar xuntos están dedicadas a vos.

Son pequenos xogos e divertimentos arredor da palabra.

Ideas para pasar o tempo, e para que se fagan mellores ao compartilas.

Que me gusta a min?

Pensar. E tamén as manchas.

Gústanme as palabras e as letras, que van collidas da man e que tamén son manchas, formas e obxectos.

Iconostasio das mareas.

Na pasada edición do SELIC Festival, eiquí en Compostela, pedíronme unha conversa aberta ao público sobre a ilustración e a imaxe dentro do libro.

A miña resposta a este convite fermoso foi un relatorio sobre como traballo e dende un obxecto. Eu pensaba, que bonito sería aparecer cun libro debaixo do brazo. Un libro de estampas pintadas a man. Para desenvolve-lo con sorpresa e coidado, coma se fose o papel dun agasalho, e ler. Ler nel, pasando os dedos e os ollos pola superficie igual que facemos con unha partitura ou co mapa dunha comarca querida.

Así, preparei este volume que chamei Iconostasio das mareas.

“Unha mancha, unha letra ou unha idea é un carro que avanza.

Na viaxe, dita mancha, letra ou forma vai acadando outro aspecto, engordando, cambiando, enchendo o seu discurso de sentido ou baleirándose del.

Sendo, todas as formas e posibilidades que xa estaban aí.

Ás veces, son as pegadas dun animal, ou o rastro do paso do tempo.

Formas plenas, cousas que me gustan e nos lembran a outras e conceptos algo máis complexos pero levados a unha linguaxe de representación do máis sinxelo: a grande vaga de Kanagawa.”

Abrapalabra.

Presenta o ficheiro, explica brevemente.

Son preto de 70 escusas para a ficción.

Son pequenos xogos de escrita creativa e para facer durante 15 minutos.

Son ademais, unha oportunidade para explorar o *nonsense*, o disparate, o microrrelato, os xogos con mapas, a poesía visual, o divertimento, a hipótese, a metaliteratura, o absurdo da condición humana ou a fantasía.

Son intercambiáveis, pódese facer un, dous ou quizais dez. De camiño a casa, tomando un baño ou na xunta de veciños.

Convida a xogar, deixa que escollan ao chou.

Garda un pequeno tempo ao final para que comenten os traballos feitos.

Como se constrúe un irmán maior?

Crear da nada un irmán ou irmá maior é moito máis doado do que parece. Só se necesitan gañas de pasalo ben, algo de papel, un voluntario e logo, material para debuxar, cores e cousas de pegar, todo aquilo que temos pola casa ou na escola.

Desprego o meu papelote e ensino o meu irmán maior.

Existe ademais a versión **irmá ou irmán menor**, para poder mandar nel coma se fose un escravo e tamén estou completamente a favor de construír unha avoa máis simpática, un curmán de dúas cabezas, etc.

É unha boa escusa para traballar con materiais de volume, tipo cordas, sementes, lá ou madeiras. Tal e como fixera o cartaz deste curso e que me encargaran dende as Bibliotecas Escolares.

Unha oportunidade para xogar a crear unha nova ficción, para inventar de novo o que xa está inventado:

E se o noso irmán ten tres pernas ou trinta costelas?

Gasta gafas, pon ovos de galiña ou ten a cabeza chea de purpurina?

Atlas de anatomía cambiada.

Mapa do oído interno con ríos e serras.

O esqueleto recheo de crema pasteleira.

Zooloxía híbrida ou Frankensteinmanía.

Deseño de modas e aventura estética.

En fin!

Pido se lles apetece xogar a fabricar un ou unha irmá maior.

Equipos de 5 para cada papel, no chan ou xuntando mesas.

Voluntario ou voluntaria para facer unha silueta.

Diferentes posturas expresivas.

Pode ter un nome, unha breve historia?

Posibilidade de facelo en **versión cadáver exquisito**.

Posibilidade de colgalo da parede ou forrar un caderno.

Moitas grazas a Bibliotecas Escolares de Galicia por este convite e moitas grazas a todas vos por este momento bonito.

